



NORMAS DA BIBLIOTECA ESCOLAR 2022/23

A apertura da Biblioteca Escolar en horario extraescolar será de 15:30 á 17:15 de luns a xoves de outubro a maio sempre que as condicións sanitarias o permitan.

Neste horario deben garantirse unha serie de criterios establecidos polo equipo docente e as responsables da Biblioteca Escolar. Neste período permanecerá nela un mestre ou mestra de garda, que velará polo cumprimento desta normativa.

- A Biblioteca Escolar ofrece aos seus usuarios/as os seguintes servizos:
 - o Préstamo de materiais. Os usuarios/as poden empregar os diversos materiais dentro da Biblioteca ou solicitar préstamo externo, e renovarlos segundo a súa necesidade.
 - o Referencia e consulta (busca de información e uso de fontes).
 - o Servizo de internet. O uso do ordenador é con fins estritamente educativos ou formativos (traballo e actividades académicas).
Non está permitido xogar, chatear ou ingresar a redes sociais.
 - o Áreas de lectura e espazo para a realización de actividades académicas. O alumnado pode entrar na biblioteca con libros de texto, libretas, ordenadores Edixgal ou outro tipo de material para estudar ou facer os deberes.
- Os usuarios/as da Biblioteca Escolar deberán cumprir as seguintes obrigacións en relación aos servizos recibidos:
 - o Conservar e devolver o material nas mesmas condicións nas que lles foi facilitado.
 - o Manter un trato deferente co mestre/a de garda e demais usuarios/as, así como a orde, limpeza e o silencio dentro do recinto.
 - o Ao retirarse da Biblioteca Escolar deixar os libros e o material empregado no seu lugar.
 - o Non se permite permanecer na biblioteca para reunións "sociais".
 - o Non se pode inxerir ningún alimento dentro da estancia.
- Os alumnos/as de Educación Infantil deberán entrar, permanecer e saír sempre acompañados dun adulto. A persoa adulta ten a responsabilidade do seu bo comportamento.
- O horario de recollida dos alumnos/as de Educación Primaria será dentro do horario de apertura da biblioteca. As familias deberán firmar, tanto as entradas como as saídas, nun libro de rexistro que estará na entrada do edificio e esperarán alí para recoller aos alumnos/as, non poderán acceder á biblioteca para non interromper o traballo dos demais compañeiros/as.